

## A ESCOLA DA VIDA

# Nomes impropios

02.01.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Un dos maiores recoñecementos que se lle pode facer a unha persoa é outorgarlle o título de fillo adoptivo ou predilecto dunha vila ou cidade, pero o maior de todos é dedicarlle unha institución, unha rúa ou unha praza. Isto é así desde sempre. Pero moitas veces cométese o grave erro de non ser pertinente a institución co labor do mentado ou mentada. E para mostra un botón. Denominar a un ambulatorio Rosalía de Castro non parece que sexa o máis axeitado. Méritos ten, por suposto, a nosa excelsa poetisa para que se lle dedique unha praza ou un centro de investigación literario, por exemplo. Non obstante, non faltan en Galicia, xa sexa nas nosas vilas ou cidades, grandes galenos encomiados polos seus veciños para que este tipo de dispensarios leven os seus nomes. Como, a bo seguro, a vostedes se lles ocorrerán moitos outros casos, non seguirei dando exemplos neste sentido.

Outra situación que define a denominación das institucións é facelo polo lugar no que se sitúan. Así, atopámonos co CEIP de Arzúa, de Abanqueiro, etc. Que son deses lugares sábeno todos os que viven alí, que non llos vai levar fisicamente ninguén, tamén, pero o lóxico sería que moitos dos mestres desas localidades puidesen denominalos non só polo recoñecemento que eles tiveron do seu maxisterio, senón tamén para que as posteriores xeracións visen nos seus nomes e nas súas obras modelos a imitar.

Neste sentido lévannos moito camiño andado outros países, como pode ser Francia. Os franceses saben de sempre o que supón a súa eloxiada *grandeur* (grandeza). Esa palabra, para eles, describe non só o sobresaínte senón tamén o máis cotián. Por iso queren deixar constancia de todos aqueles homes e mulleres que representaron algo no seu tempo. Deixar constancia das súas personalidades é un valor social moi importante, pois non só os dignifica a eles senón que tamén é un exemplo para as xeracións vindeiras. Cada persoa vive o seu momento, no entanto a sociedade é diacrónica, e, polo tanto, obrigada a sumar tódolos momentos de cada un dos seus cidadáns para engadirille pouso á súa cultura gardando os referentes do seu maxisterio.

Por todo iso, comino as autoridades para que se acorden de enaltecer os bos e respectables profesionais cando pensen en darlle un nome a una institución, praza ou rúa, xa que o que respecta o seu pasado, valora o seu presente.